






Qué é BIOPROINSECT?

Nos últimos anos incrementouse a demanda de alimentos de alto valor nutritivo, o que provocou que o sector dirixa o seu punto de mira cara novas fontes de proteínas que permitan satisfacer esta demanda: o verme da fariña. Recentemente autorizado para a súa comercialización como novo alimento, a proteína presente neste insecto está unida a un compoñente estrutural, a quitina, que é considerado un anti-nutriente, o que limita o seu potencial.

O proxecto piloto **BIOPROINSECT** desenvolverá un innovador proceso enzimático, comparable a unha biorrefinería, que permitirá extraer a quitina presente no insecto. Desta maneira, fraccionarase o verme en tres produtos de alto valor engadido: proteínas de alta calidade e facilmente dixeribles, ácidos graxos e derivados da quitina, que poderán ser empregados na elaboración de pensos para gando.

Quen son os destinatarios de BIOPROINSECT?

O proxecto **BIOPROINSECT** orienta os seus resultados a todos os axentes da cadea de valor agroalimentaria:

-  Empresas de cría de insectos.
-  Veterinarios, asesores e técnicos.
-  Administracións Públicas.
-  Centros de investigación.
-  Público en xeral.

Co obxectivo de maximizar o impacto dos resultados e a transferencia das solucións a desenvolver no proxecto, levarase a cabo unha intensa labor de divulgación a nivel rexional, nacional e europeo.



Biopr insect

Queres saber máis acerca de BIOPROINSECT?

Para coñecer máis sobre o proxecto **BIOPROINSECT**,
podes enviar un correo electrónico a
info@galinsect.es/biotecnia@uvigo.es
ou chamar ao **637 03 54 36/988 38 74 16**.



Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa investe no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia



Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa investe no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia

Biopr insect

Bioprocesado de insectos para a obtención de produtos de alto valor engadido




Presuposto total: 181.468,56 € Subvención: 145.174,85 € Cofinanciación UE: 75% FEADER

Este proxecto está financiado pola convocatoria de axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais no ámbito rural e engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes e prevención e defensa dos incendios forestais.



Que obxectivos ten BIOPROINSECT?


O principal obxectivo de **BIOPROINSECT** é a obtención de novos produtos de alto valor engadido a través do bioprocesamento de insectos: proteínas, ácidos graxos e derivados da quitina, que serán empregados en alimentación animal. Máis especificamente:

-  **Desenvolver un proceso biolóxico** para o fraccionamento de insectos, comprometido ca economía circular e respectuoso co medio ambiente.
-  **Transformar a quitina** extraída en compostos con actividades prebióticas, antimicrobianas e antioxidantes.
-  **Obter as enzimas** necesarias para o proceso empregando os subprodutos xerados na cría dos vermes.



Que resultados se esperan do proxecto?

Co desenvolvemento deste innovador proceso, **BIOPROINSECT** obterá do verme da fariña:



Quen conforman BIOPROINSECT?

BIOPROINSECT está integrado por un equipo multidisciplinar coordinado pola empresa Galinsect, e no que participan a Universidade de Vigo (a través do Grupo de Biotecnoloxía Industrial e Enxeñaría Ambiental, BiotecnIA) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA).



Actividades BIOPROINSECT

